




UNIVERSIDADE DA CORUÑA



SOLICITUDE DE EXPEDICIÓN DE TÍTULOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS E DE
CERTIFICACIÓNS ACADÉMICAS PERSOAIS

En relación cos trámites administrativos conducentes á solicitude de expedición de títulos universitarios oficiais ou dunha certificación académica persoal e, de acordo co artigo 32 da Lei 30/92 de Réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común, cómpre facer as seguintes precisións:

1. Cando a persoa interesada non poida realizar persoalmente a solicitude é suficiente con que delegue ou autorice alguén, sempre por escrito.
2. A persoa que autoriza deberá facer constar no seu escrito, para qué expide a autorización, así como todos os datos persoais que acrediten a súa identidade e os da persoa autorizada.
Xunto co escrito de autorización deberá achegar unha fotocopia do seu DNI ou pasaporte (no caso dos estranxeiros).
3. A persoa autorizada deberá presentar o seu DNI ou pasaporte orixinal, xunto cunha fotocopia deste, para que logo de ser cotexada co orixinal, conste no arquivo xunto coa autorización presentada.
4. . A persoa autorizada poderá recoller a certificación académica persoal.
Para retirar o título universitario oficial ou a certificación do pagamento dos dereitos de expedición de títulos universitarios oficiais (substituto do título) será preciso un poder notarial de conformidade co que está establecido na Instrución da Secretaría Xeral referente á entrega e recollida de títulos universitarios oficiais do 5 de novembro de 2004.

A Coruña, 23 de novembro de 2011

O secretario xeral

Carlos Amoedo Souto